



NO
NADAL
HAI MIL COUSAS
QUE PODES PEDIR AOS
REIS MAGOS OU A PAPÁ NOEL
E ...MOI BOAS RAZÓNS PARA
QUE SEXA
UN
LI
BRO.



BIBLIOTECA CEIP O RAMO



Que lle ides pedir aos Reis?



**CASCABEL QUERE AXUDARVOS
A FACER A CARTA**



**EDUCACIÓN PRIMARIA
2º CICLO**



Azur e Asmar. Michel Ocelot .Ed. SM



Arzur e Asmar de nenos queríanse e pelexaban coma irmáns.

De adultos reencóntranse para ser rivais e buscar o mesmo obxectivo: liberar, conquistar e namorar á Fada dos Djinns.

Mil cousas poden pasar. Jacobo Fernández. Ed. Xerais.



Os fillos do rei do mar caen na conta de que se achega o aniversario do seu pai e aínda non teñen agasallo. Na procura dese galano desencáanse as mil cousas que dan título a esta obra.

O meu pequeno animalario. Varios títulos.



Esta colección ten varios títulos: A montaña e o bosque; Mares ríos e lagos; As crías dos animais salvaxes;

Os animais da granxa. É unha obra interactiva e divertida, ilustrada con debuxos orixinais e fotografías excepcionais, que nos axuda a comprender a vida dos animais. Contén xogos pedagóxicos para os nen@s.

Xela volveuse vampira. Fina Casalderrey. Baía Edicións.



Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubrirlo. Esta colección pretende romper coa tendencia nos contos infantís de asignar roles estereotipados a nenos e nenas, que condicionan a capacidade de soñar sen límites no propio futuro, de imaxinar un mundo de igualdade entre homes e mulleres.

Nacer. Animales extraordinarios. Xulio Gutiérrez Roger. Ed. Kalandraka.



Nacer é o segundo volumen da colección Animais Extraordinarios.

Neste libro descríbese a forma asombrosa en que se reproducen e coidan as súas crías doce especies de animais.

E COMA NON NOS ESQUECEMOS DE NINGUÉN

AHÍ VOS VAN ALGUNHAS SUXERENCIAS PARA

PAIS, AVÓS, TÍOS...




Contra el viento. Ángeles Caso. Ed. Planeta.



Premio Planeta 2009.

Narra a historia dunha rapaza de Cabo Verde que, despois de moitos infortunios, emigra a Europa, onde, primeiro en Portugal e logo en España, a vida non deixa de maltratala. É unha novela chea de sensibilidade para lectores ávidos de aventura e emoción.

A praia dos afogados. Domingo Villar. Ed. Galaxia.



Esta apaixonante novela de intriga, mergulla ao lector no mundo da Galicia mariñeira, desde os areais das Rías Baixas á paisaxe urbana e as tabernas da cidade de Vigo.

O curioso incidente do can á media noite. Mark Haddon. Ed. Rinoceronte.



Christopher é un experto en ciencias e matemáticas, pero ten dificultades para relacionarse con outras persoas. Unha noite atopa ao can da veciña, atravesado por unha forza de xardín, e decide comezar unha investigación para descubrir o asasino. Mentres leva a cabo as súas pescudas, cuestionará a lóxica do mundo que o rodea e desvelará certos misterios que van alterar a súa vida metódica e ordenada.